



CEIP PLURILINGÜE DE SIGÜEIRO

LIBROS DE TEXTO: FONDO SOLIDARIO E AXUDAS PARA LIBROS E MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2019/20

O luns, 20 de maio publicouse no DOG a orde do 3 de maio de 2019 que regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o alumnado.

Esta orde recolle dúas modalidades de gratuidade dos libros de texto:

a. Participación no **fondo solidario de libros de texto para os cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria** (asignaranse os libros por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar). **Tamén para 1º da ESO.**

b. **Axudas para mercar os libros de texto nos cursos de 1º e 2º de primaria** (de 170 € e 90 € segundo sexa a renda inferior ou superior a 5.400 € sempre que non supere os 9.000 €).

Ademais recóllense as **axudas para adquirir material escolar para educación primaria**, serán de 50 € para rendas per cápitas iguais ou inferiores a 5.400 €.

SOLICITUDES

A **solicitud** presentarase preferiblemente por **vía electrónica** nos formularios dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. **Opcionalmente poderanse presentar presencialmente no colexio (alumnado de 6º no instituto)**, ben sexa a solicitude previamente cuberta na aplicación Fondolibros e impresa, ou ben sexa cuberta de xeito manual. Utilizarase o formulario normalizado, **anexo I, que poderán recoller no colexio** e tamén estará dispoñible na páxina web do centro, __ www.edu.xuntal.gal/centros/ceipsigüeiro, na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal> ou no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal>. Cada familia presentará unha **única solicitude para todas as modalidades (fondo, axudas e material) e para todos os fillos** e deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumno/a. **O prazo para presentar as solicitudes rematará o día 21 de xuño de 2019.**

DOCUMENTACIÓN

- **Anexo I (solicitud) e Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar a 31 de decembro de 2017. No caso de opoñerse a esta consulta deberán entregar outra documentación complementaria.
- **Copia do libro de familia** ou documento acreditativo do número de membros computables.
- Calquera outra documentación acreditativa de situacións concretas: discapacidade, violencia de xénero...

Un saúdo,

Sigüeiro, 21 de maio de 2019

***IMPORTANTE:** o alumnado que actualmente cursa 4º e 5º de E. Primaria non solicitará a axuda para os libros de texto por estar no Proxecto Edixgal (utilizarán ordenador). No caso de ter dereito á axuda para material escolar deberán cubrir igualmente a solicitude.

CÁCULO DA RENDA PER CÁPITA

A renda per cápita é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do 2017 entre o número de membros computables. A renda da unidade familiar obtémola sumando as rendas de cada un dos membros computables da familia, se presentaron declaración, sumarase o recadro 415 máis o 435, se non se presentou, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.